

ANUNCIO DA CONSULTA PREVIA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 16 DE PREZOS PÚBLICOS APLICABLES ÁS ACTIVIDADES CULTURAIS, TEATRAIS E ESCÉNICAS QUE SE HAN DESENVOLVER NO TEATRO COLÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Para facilitar o acceso á cultura pola cidadanía, reducindo as tarifas para os espectáculos e actividades culturais promovidas directamente pola Deputación, o Servizo de acción social, cultural e deportes propón modificar a citada Ordenanza para establecer unhas novas tarifas para a Programación propia da Deputación que se adecúen aos prezos habituais dos espectáculos galegos ou realizados en lingua galega na nosa contorna.

De conformidade co artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sométese á consulta pública, con carácter previo a redacción do texto normativo, a proposta de modificación da Ordenanza nº 16 de prezos públicos aplicables ás actividades culturais, teatrais e escénicas que se han desenvolver no Teatro Colón da Deputación da Coruña cuxo texto se transcribe deseguido.

Os concellos, cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre a dita proposta durante o prazo de 10 días naturais que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, a través do apartado Proxectos Normativos do Portal de Transparencia da Sede Electrónica desta Deputación.
Só serán consideradas as opinións nas que o remitente estea identificado.

Artigo 3. Contía e supostos de non suxeición ao pagamento

3.A. Programación propia da Deputación:

3.A.1. TARIFAS :

Para os espectáculos e actividades culturais promovidas directamente pola Deputación cun custo inferior a 25.000 € establécense as seguintes tarifas:

	<u>EUROS</u>
a)Patio de butacas.....	8,00
b)Palcos centrais.....	6,00
c)Principal.....	6,00
d)Palcos laterais.....	4,00

Para os espectáculos e actividades culturais promovidas directamente pola Deputación cun custo igual ou superior a 25.000 € establécense as seguintes tarifas:

	<u>EUROS</u>
a)Patio de butacas.....	25,00
b)Palcos centrais.....	20,00
c)Principal.....	15,00
d)Palcos laterais.....	10,00

Serán de balde aquelas actividades que se promovan para festexar días sinalados, persoeiros ilustres do ámbito académico, cultural ou social, ou efemérides que procuren sensibilizar a cidadanía coas expresións máis xenuínas da cultura galega ou cos valores e principios constitucionais.

3.A.2. REDUCCIÓN PARA CICLOS CONTÍNUOS

Sobre as tarifas aprobadas nesta Ordenanza, para os ciclos que se celebren en varias datas do mesmo mes ou conserven o mesmo nome, aplicaráse unha redución do 50 por cento.

3.A.3. TARIFA ESPECIAL PARA “AS MATINAIS DO COLÓN”:

	<u>EUROS</u>
Tarifa única - Patio de butacas.....	3,00

Sobre esta tarifa non se aplicará ningunha redución.

A xefa do servizo

Manuela Muñiz Souto

A deputada de Cultura Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

Natividad González Rodríguez